

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACION "MONTE DO GOZO" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERAPÉUTICO-EDUCATIVO "PROXECTO HOME" DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAS EN RISCO E CON TRASTORNOS ADICTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2021.

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: Don Ramón Gómez Crespo, con DNI [REDACTED], director do Proxecto Home Galicia e apoderado (en virtude de poder outorgado na reunión da Xunta de Patróns da Fundación Monte do Gozo celebrada en Santiago de Compostela o 10-01-2011) da Fundación Monte do Gozo, con NIF: G15258213, que actúa en nome e representación dela,

MANIFESTAN

PRIMEIRO. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que

se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

Segundo o artigo único da Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma Galega dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

TERCEIRO. Que a Fundación "Monte do Gozo" desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia o programa terapéutico-educativo "PROXECTO HOME" cos seguintes subprogramas:

- Programa Tradicional.
- Programa Educativo para Mozos e Adolescentes.
- Programa de Alcoholismo.
- Comunidade Terapéutica Urbana.
- Programa de Cocaína.
- Programa de Ludopatías.
- Comunidade Terapéutica Intrapenitenciaria.
- Centro de Acolida Inmediata "O Meu Lar".
- Programa "ACOUGO" de Patoloxía Dual.

Que a Subdirección Xeral de Atención Primaria, a través do programa de tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico, pretende dar unha alternativa terapéutica e rehabilitadora ao enfermo alcohólico, tendo como obxectivos lograr unha maior autonomía, o cumprimento das prescricións e os resultados clínico asistenciais axeitados nesta tipoloxía de casos.

A Fundación "Monte do Gozo" cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTO. Que ambas as dúas partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento de medidas e accións contidas no Plan de trastornos adictivos de Galicia co fin de reducir, na medida do posible, a problemática presentada polo consumo de drogas na comunidade autónoma galega, así como en materia de atención a persoas con problemas graves e persistentes en relación co alcohol para garantir a súa atención preferente no marco do Plan Estratéxico de Saúde Mental.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO Constitúe o obxecto deste convenio a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación “Monte do Gozo” para o desenvolvemento dos seguintes programas:

A) Programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención e rehabilitación de drogo-dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, baseado nun modelo teórico de intervención marco deseñado como unha consecución de fases para acadar a rehabilitación e inserción sociolaboral:

- Avaliación e diagnose
- Motivación e integración
- Coñecemento e desenvolvemento persoal
- Inserción sociolaboral

A prestación destes servizos lévase a cabo en dispositivos emprazados en centros de acollida e dúas comunidades terapéuticas (unha delas intrapenitenciaria).

B) Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica. que busca unha alternativa terapéutica e rehabilitadora para as persoas que sofren desta dependencia. Ten como obxectivos lograr unha maior autonomía, o cumprimento das prescricións e a efectividade clínico-asistencial nesta tipoloxía de casos, así como o apoio e orientación ás familias afectadas pola dita problemática.

Os pacientes poderán ser derivados polas unidades da rede de saúde mental e drogodependencias do Servizo Galego de Saúde co visto e prace do responsable de saúde mental da área correspondente.

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

SEGUNDA.-SUBCONTRATACIÓN

A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial da fundación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 10% do importe da actividade subvencionada.

O exceso de subcontratación sobre a antedita cantidade minorarase directamente do importe da subvención concedida a través deste convenio.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por sí mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

TERCEIRA.-OBRIGAS

A fundación Monte do Gozo comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e asume, ademais, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir ás directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Realizar os rexistros necesarios No historial do paciente de acordo coa lexislación vixente.

c) Remitir semestralmente á Subdirección Xeral de Atención Primaria un informe da actividade desenvolta facendo constar, como mínimo:

1. Número de homes e mulleres admitidos nos diferentes programas e número de intervencións realizadas (diferenciando primeiras consultas do resto da actividade).
2. Relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
3. Volume de pacientes homes e mulleres nos distintos programas.
4. Estadía media en comunidade terapéutica.
5. Número de accións formativas comúns e integradoras para os profesionais de saúde mental e trastornos adictivos.
6. Número de admisións segundo dispositivo de procedencia (servizos do Servizo Galego de Saúde, centros penitenciarios, servizos sociais, iniciativa propia) diferenciando por sexo.

d) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.

e) Comunicar á Subdirección Xeral de Atención Primaria calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal conforme á normativa vixente en materia de autorización de centros sanitarios.

f) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos asistenciais.

g) Coordinarse cos servizos de saúde mental do seu ámbito de actuación, en orde a dependencia funcional en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención do responsable de saúde mental da área.

h) Axustarse á lei de protección de datos.

CUARTA.-COORDINACIÓN CO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O funcionamento, en canto a programas de prevención, asistencia, reinserción, formación, investigación ou de calquera outra área de intervención levado a cabo en materia obxecto deste convenio, deberá estar coordinado dentro do Servizo Galego de Saúde. Se a fundación pon en marcha outros

programas, estes serán postos en coñecemento da Subdirección Xeral de Atención Primaria. Para tal efecto presentará un proxecto no que constarán, polo menos, os seguintes apartados:

- a. Denominación.
- b. Poboación á que se dirixe.
- c. Obxectivos que se pretenden acadar.
- d. Actividades que se pretenden realizar.
- e. Recursos materiais e humanos necesarios para levalo a cabo.
- f. Avaliación dos obxectivos e metodoloxía desta.

QUINTA.-ORZAMENTO

Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de novecentos corenta e seis mil cincocentos oitenta e nove euros **(946.589,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.481.04**, co código de proxecto **201400026**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A contía indicada na cláusula QUINTA farase efectiva do seguinte xeito:

a) **Anticipos:** Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo a súa xustificación por un importe de ata un máximo do 25% da contía total do convenio, que a fundación deberá solicitar presentando:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 3. O dito Anexo presentárase ademais, debidamente actualizado, en cada unha das xustificacións parciais, no seu caso.

b) **Pagamentos parciais:** poderanse realizar pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva, de carácter voluntario, segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados no seu caso concedidos non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos parciais correspondentes á actividades subvencionada engadindo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

.A data límite e improrrogable para presentación **da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 31 de outubro de 2021.**

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, os pagamentos anticipados e os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía

c) Pagamento Final: A xustificación final ten carácter obrigatorio e realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A porcentaxe da subvención que reste por pagar tras a realización dos pagamentos parciais, de ser o caso, non se fará efectiva ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada.

A xustificación final deberá presentarse con data límite e improrrogable do **1 de decembro de 2021.**

OITAVA-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A XUSTIFICACIÓN.

Tanto no caso das xustificacións parciais como na final deberase presentar:

- 1) Relación ordenada e detallada dos gastos das actividades obxecto do convenio segundo o anexo 1.
- 2) Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalentes dos gastos ocasionados polo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o pagamento destes.

En todo o caso, cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada.

Soamente se poderá imputar o 100 % dun gasto cando este sexa exclusivo da actividade do convenio.

As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do provedor para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).

3) Certificación da asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, e que foron debidamente aboados.

4) Declaración actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes segundo o anexo 3.

Ademais, no caso da xustificación final deberase presentar tamén:

5) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.

A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, que emitirá informe favorable, de seren conforme.

No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.

Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de decembro de 2020 e o 30 de novembro de 2021, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustifica-

ción, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedicta memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar esta.

Soamente terán consideración de subvencionables os custos nos que incorran as entidades beneficiarias respecto ao persoal en situación de incapacidade laboral temporal cando:

1- A baixa non supoña a paralización da actividade asistencial, mediante substitución da persoa de baixa, reasignación das súas tarefas ou subcontratación puntual. Este feito deberá ser informado á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

2- A baixa, aínda supoñendo a paralización da actividade asistencial, non supere os trinta días para un mesmo contrato laboral durante o período de execución do programa.

No caso das pagas extraordinarias poderase imputar a parte proporcional das meses e horas imputadas de esas nóminas ás actividades do programa

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	65,97 €
MANUTENCIÓN	37,40 €
KILOMETRAXE	0,19 €/KM

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento así como os correntes de subministracións (auga,luz..) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

As dúbidas en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

DÉCIMA.-REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electronicamente, empregara-se a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓN QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO” (PR004A)”, dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.-MEMORIA FINAL

Con data límite 15 de Xaneiro de 2022, a fundación deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décimo primeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA PARITARIA. Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

1. Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
2. Dous representantes da fundación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. NATURALEZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO CUARTA. -INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Fundación Monte do Gozo que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.-DEBER DE COLABORACIÓN

A fundación prestaralle colaboración e facilitaralle tanta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SÉTIMA.-PUBLICIDADE

A fundación comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa tanto publicacións (artigos científicos , material de divulgación) como entornos dixitais (webs, etc), o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, e indicando que o programa é financiado en virtude deste convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2021.

DÉCIMO NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concurrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Asdo.: Julio García Comesaña

POLA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO

Asdo.: Ramón Gómez Crespo

ANEXO 1: RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apellidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apellidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apellidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0.00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Características básicas do/s dispositivo/s: data de inicio do funcionamento do centro, fotocopia cotexada do CIF, relación e nº de habitantes dos concellos de referencia segundo os datos do INE a mes de xaneiro do ano de referencia , organigrama, horario de funcionamento do centro (axuntar certificado segundo anexo), localización, identificación e número de despachos e salas comúns.

2. Cadro de persoal: especificar cada un dos profesionais que traballen na/s unidade/s, indicando o nome e apelidos, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión, se son clínicos), meses traballados, posto desempregado, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, seguridade social da empresa, tipo de contrato.

3. Actividades realizadas:

- Número de admisións e intervencións realizadas (diferenciando primeiras consultas do resto da actividade).
- Ausencias ás consultas programadas.
- Actividade realizada nas unidades de día e comunidade terapéutica, se é o caso.
 - Pacientes distintos atendidos no ano natural (Volume asistencial).
 - Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
 - Programas sanitarios e psicosociais: data, denominación, descrición, poboación diana, poboación acadada se procede.
 - Actividades de formación a profesionais e mediadores. Formación continuada do persoal da unidade/s.
 - Estudos e investigacións
 - Publicacións

4. Reclamacións presentadas polas persoas usuarias: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polas persoas usuarias no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

5. Conta de resultados de ingresos e gastos:

a) Ingresos:

- Informe que inclúa a contía de todas as axudas económicas recibidas e a súa orixe (subvencións, doazóns e legados).
- Débedas con entidades de crédito
- Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
- Ingresos por cotas de socios
- Outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.

b) Gastos:

- Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
- Gastos de mantemento: produtos farmacéuticos, sanitarios e outros aprovisionamentos, arrendamentos, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas, etc.
- Tributos.
- Gasto e perdas de exercicios anteriores.
- Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.

ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE									
RAZÓN SOCIAL								NIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			MUNICIPIO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE		
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).									
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)									
NOME/RAZON SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NIF
EN CALIDADE DE									
DATOS BANCARIOS									
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.									
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
						IBAN			
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: 1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursoas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.									
2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.									
3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas: ☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para as que obtivo esta subvención. ☐ Sí obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para as que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:									
ORGANISMO		IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION		DISPOSICION REGULADORA				
☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para as que obtivo esta subvención. ☐ Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para as que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:									
ORGANISMO		IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE		DISPOSICION REGULADORA				
Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.									
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE									
Lugar e data									
			de		de				